

CONVOCATORIA	2024050667 – PROGRAMA TEMPORAL OTC_DEPO
POSTO	1 ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL (A1)
TIPO	Primeiro exercicio (TEST)
DATA	30 de setembro de 2024

PRIMEIRO EXERCICIO – TIPO TEST

1. Segundo a literalidade do artigo 35 da Constitución Española todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ó traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia:

- a. Sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de raza
- b. Sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo
- c. Sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de relixión
- d. Sen que en ningún caso poida facerse discriminación por calquera circunstancia persoal ou social

2. O artigo 49.2 da Constitución Española establece que os poderes públicos impulsarán as políticas que garanten a plena autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en:

- a. Entornos culturais accesibles
- b. Entornos educativos e culturais accesibles
- c. Entornos universalmente accesibles
- d. Entornos sociais, culturais e educativos

3. O artigo 77.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que o período de proba:

- a. Non poderá ser superior a trinta días nin inferior a cinco
- b. Non poderá ser inferior a quince días
- c. Non poderá ser superior a trinta días nin inferior a dez
- d. Non poderá ser superior a quince días nin inferior a dez

4. Segundo o artigo 71.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o impulso do procedemento terá lugar respectando:

- a. Os principios de simplicidade e urxencia
- b. Os principios de xerarquía e celeridade
- c. Os principios de transparencia e publicidade
- d. Os principios de eficacia e celeridade

5. O artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local a organización provincial responde ás seguintes regras:

- a. O Presidente, os Deputados Delegados, a Xunta de Goberno Local existen en todas as Deputacións
- b. Soamente é necesario o Presidente e o Pleno da Deputación
- c. O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións
- d. O Presidente, os Deputados Delegados, o Pleno e os Asesores existen en todas as Deputacións

6. Segundo o disposto no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local os órganos colexiados das Entidades Locais poderán celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos:

- a. En calquera momento
- b. Cando concorran situacións excepcionais de forza maior
- c. Sempre que os seus membros participantes se encontren en territorio español e quede acreditada a súa identidade
- d. Cando así lo decida o Presidente da Entidade Local

7. De conformidade co disposto no artigo 15.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os empregados públicos teñen os seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva:

- a. Prevención de riscos laborais
- b. Liberdade e prevención de riscos laborais
- c. Á liberdade sindical
- d. A recibir os honores e asistencia sanitaria cando sexa necesario

8. O artigo 7.2 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais establece que o tratamento dos datos dos menores de catorce anos fundado no consentimento só será lícito :

- a. Se consta o de un familiar que poida autorizar o alcance del consentimento se así se recolle expresamente
- b. Se se recolle expresamente o alcance del consentimento por calquera persoa que resida no domicilio familiar do menor
- c. Se consta o do titular da patria potestade ou tutela, co alcance que determinen os titulares da patria potestade ou tutela
- d. Ningunha das anteriores é correcta

9. De conformidade co disposto no artigo 86.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os funcionarios de carreira en situación de servizo activo rexeranse:

- a. Pola normativa de función pública da Administración Pública na que presten servizos e supletoriamente polas normas do Estatuto Básico do Empregado Público
- b. Polas normas do Estatuto Básico do Empregado Público e pola normativa da función pública da Administración Pública na que presten servizos
- c. Exclusivamente polas normas do Estatuto Básico do Empregado Público
- d. Polas normas do Estatuto Básico do Empregado Público e, supletoriamente, polas normas xerais da lexislación laboral

10. Que establece o Real Decreto-lei 15/2018 sobre o bono social eléctrico?:

- a. A eliminación do bono social eléctrico
- b. A ampliación dos beneficiarios do bono social eléctrico
- c. A redución da porcentaxe de desconto do bono social eléctrico
- d. A creación dun novo bono social unicamente para grandes empresas

11. Que medida adóptase para mellorar a protección dos consumidores vulnerables?:

- a. Prohíbese calquera tipo de corte de subministración a todos os consumidores
- b. Redúcense as tarifas eléctricas a todos os consumidores domésticos
- c. Esténdese a prohibición de cortes de subministración a consumidores vulnerables en situacións específicas

d. Limitase o acceso á enerxía solar para autoconsumo

12. Que cambios introduce o Real Decreto-lei 15/2018 en relación cos consumidores vulnerables severos?:

- a. Permítelles acceder a tarifas personalizadas de enerxía renovable
- b. Prohibe o corte de subministración en fogares con persoas en situación de dependencia ou menores de 16 anos
- c. Outórgalles acceso prioritario a enerxías limpas
- d. Permítelles vender o seu excedente de enerxía á rede

13. Das seguintes modalidades de autoconsumo establecidas no Real Decreto 244/2019, que regula as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, cal delas non é correcta?:

- a. Autoconsumo sen excedentes
- b. Autoconsumo con excedentes acollidos a compensación
- c. Autoconsumo con excedentes non acollidos a compensación
- d. Autoconsumo sen excedentes acollidos a compensación

14. Cal dos seguintes criterios é necesario para acollerse á modalidade de autoconsumo sen excedentes segundo o Real Decreto 244/2019?:

- a. A instalación debe estar conectada a unha rede de distribución con capacidade para almacenar o exceso de enerxía xerado
- b. O autoconsumidor debe permitir que o sistema de medición rexistre unicamente a enerxía consumida e non a xerada
- c. O autoconsumidor debe manter un contrato de subministración de electricidade separado para a enerxía que non se autoconsume
- d. A instalación debe permitir a venda de excedentes de enerxía á rede de distribución

15. Que se establece no Real Decreto-lei 23/2020 para evitar a especulación cos permisos de acceso e conexión á rede das instalacións renovables?:

- a. Elimínanse os permisos de acceso para instalacións menores de 1 MW
- b. Outórganse permisos sen límite de tempo aos novos proxectos renovables
- c. Introdúcense prazos obrigatorios para cumprir fitos administrativos e técnicos, evitando a especulación cos permisos

d. Esíxense investimentos iniciais máis altas para poder obter permisos de acceso

16. Que medida inclúe o Real Decreto-lei 23/2020 para acelerar a tramitación de proxectos renovables que contén con acceso á rede?:

- a. Extensión indefinida dos prazos de tramitación das instalacións
- b. Simplificación de procedementos administrativos e redución de cargas burocráticas
- c. Creación dun novo organismo regulador exclusivo para as enerxías renovables
- d. Aumento dos requisitos técnicos e financeiros para os proxectos

17. Que prazo máximo establécese para que os proxectos de enerxías renovables obteñan autorización de construción tras recibir os permisos de acceso e conexión?:

- a. 6 meses
- b. 5 anos
- c. 2 anos
- d. 12 meses

18. No caso dun procedemento xeral de obtención dos permisos de acceso e de conexión, que ocorre cando unha concesión dun permiso de acceso nun punto da rede poida afectar a unha rede de transporte ou unha rede de distribución augas arriba:

- a. Se fose necesario, o xestor da rede para a cal se pide o permiso de acceso solicitará ao xestor da rede augas arriba un informe de aceptabilidade sobre as posibles afeccións e as restricións derivadas da mesma
- b. O xestor da rede emitirá o informe correspondente sen realizar ningún tipo de consulta nun prazo de 5 días
- c. O xestor da rede solicitará ao Ministerio de transporte o informe correspondente
- d. O xestor da rede denegará a conexión por posibles vulnerabilidades coa rede de transporte

19. Segundo o artigo 2 do Real Decreto 413/2014, de 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, as instalacións que unicamente utilicen a radiación solar como enerxía primaria mediante a tecnoloxía fotovoltaica inclúense no grupo:

- a. Grupo a.1
- b. Grupo b.1

c. Grupo c.1

d. Grupo d.1

20. Segundo o artigo 6 do Real Decreto 413/2014, os titulares das instalacións incluídas no ámbito de aplicación do presente real decreto:

- a. Non terán acceso ás redes de transporte e distribución en ningún caso
- b. Non poderán recibir ningunha compensación
- c. Poderán despachar a súa enerxía a través do operador do sistema nos termos que se establezan regulamentariamente
- d. Percibirán, en todo caso, as retribucións equivalentes aos costes en que tiveran incorrido

21. Segundo o artigo 7.c) do Real Decreto 413/2014, en relación ás obrigacións dos produtores a partir de fontes de enerxías renovables, coxeración e residuos, que instalacións das sinaladas a continuación deberán estar adscritas a un centro de control de xeración obrigatoriamente?:

- a. Todas as instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con potencia instalada superior a 1 MW
- b. Todas as instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con potencia instalada superior a 2 MW
- c. Todas as instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con potencia instalada superior a 5 MW
- d. Ningunha das anteriores, porque se trata dun rexistro voluntario

22. Segundo o artigo 127.6 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, nos expedientes de autorización de novas instalacións, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da proposta de resolución a:

- a. O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
- b. O Ministerio de Economía
- c. A Comisión Nacional da Enerxía
- d. A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia

23. Segundo o artigo 111.6 do Real Decreto 1955/2000, quedan excluídas do réxime de autorización previsto no Título VII as instalacións de tensión inferior a:

- a. 1 kV
- b. 2 kV
- c. 5 kV
- d. 8 kV

24. De conformidade co artigo 4 da Circular 1/2021, de 20 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, tratándose dun procedemento abreviado, a solicitude simplificada de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución das instalacións de produción de enerxía eléctrica debe conter en todo caso a seguinte información (sinale a resposta incorrecta):

- a. Identificación do solicitante e datos de contacto
- b. Anteproxecto da instalación de xeración de electricidade
- c. Identificación da instalación de xeración de electricidade, incluíndo a tecnoloxía e a capacidade de acceso para a que se solicitan os permisos
- d. Nó ou posición exacta á que pretende conectarse o produtor ou petición expresa ó xestor da rede para que determine o punto da rede que mellor se adapte ás necesidades do solicitante

25. Segundo o artigo 12 da Circular 1/2021, de 20 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, os xestores das redes de transporte e distribución deberán manter un rexistro en relación coas subestacións que operan en cada unha das súas barras de tensión superior a:

- a. 1 kV
- b. 2 kV
- c. 5 kV
- d. 10 kV

26. Segundo o artigo 2.a) do Real Decreto-lei 29/2021, de 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregue de enerxías renovables, as concesionarias de estradas estatais con contratos en execución nos que se inclúan instalacións de subministro de combustibles e carburantes a vehículos, con un volume anual agregado de vendas de gasolina e gasóleo A igual ou superior a 10 millóns de litros, estarán obrigadas a instalar polo menos unha infraestrutura de recarga eléctrica de potencia igual ou superior a:

- a. 10 kW en corrente continua
- b. 50 kW en corrente continua

- c. 100 kW en corrente continua
- d. 150 kW en corrente continua

27. Segundo o artigo 4 do Real Decreto-lei 29/2021, de 21 de decembro, con carácter xeral todos os edificios, que non sexan de titularidade do Estado ou de organismos públicos dependentes ou vencellados á mesma, de uso distinto ó residencial privado que contén unha zona de uso aparcamento con máis de vinte prazas e menos de 1.000 deberán dispoñer dunha dotación mínima de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos de:

- a. Unha estación de recarga por cada 30 prazas de aparcamento ou fracción
- b. Unha estación de recarga por cada 40 prazas de aparcamento ou fracción
- c. Unha estación de recarga por cada 50 prazas de aparcamento ou fracción
- d. Unha estación de recarga por cada 10 prazas de aparcamento ou fracción

28. Segundo a Resolución de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cal é o Compoñente que trata sobre o despregamento e integración de enerxías renovables?:

- a. Compoñente 1
- b. Compoñente 7
- c. Compoñente 35
- d. Compoñente 72

29. Dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, no seu Compoñente sobre o despregamento e integración de enerxías renovables dispónse unha serie de Reformas e Investimentos, pero cantas son?:

- a. 1 Reforma e 1 Investimento
- b. 2 Reformas e 2 Investimentos
- c. 4 Reformas e 2 Investimentos
- d. 20 Reformas e 20 Investimentos

30. A Directiva de Eficiencia Enerxética (Directivas 2012/27/UE e 2018/2002/UE) establece un marco común de medidas para o fomento da eficiencia enerxética dentro da Unión Europea co obxectivo de asegurar a consecución do obxectivo principal de mellora da eficiencia en 2030. Seguindo este obxectivo, o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima

2021-2023 fai seu este obxectivo, pero, que obxectivo de mellora da eficiencia enerxética márcase para 2023?:

- a. 5 %
- b. 32,5%
- c. 60 %
- d. 90 %

31. No Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2023 fai referencia ás comunidades enerxéticas locais, pero, dos seguintes, cal non sería unha das medidas para alcanzar os obxectivos?:

- a. Dimensión da descarbonización
- b. Dimensión da eficiencia enerxética
- c. Dimensión da seguridade enerxética
- d. Políticas de educación ou cultura

32. De conformidade co artigo 1 da Orde TED/2021/2022, de 25 de outubro pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ás Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), cal sería o obxecto?:

- a. O obxecto desta orde é aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de proxectos de posta en marcha e funcionamento de Oficinas de Transformación Comunitaria, así como a adecuación de oficinas existentes en Oficinas de Transformación Comunitaria, para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas
- b. O obxecto desta orde é aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de proxectos de posta en marcha e funcionamento de Oficinas de Transformación Comunitaria, para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas
- c. O obxecto desta orde é a creación directa de infraestruturas enerxéticas e a construción de plantas de enerxía
- d. O obxecto desta orde é financiar investigacións científicas ou tecnolóxicas avanzadas en enerxía con fins comerciais ou lucrativos

33. De conformidade coa Orde TED/1021/2022, de 25 de outubro pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ás Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), cal non sería un beneficiario nas correspondentes convocatorias que se celebren ao amparo desta orde atendendo o artigo 6 da citada Orde?:

- a. Municipios
- b. Asociacións de veciños
- c. Administración Xeral do Estado
- d. Agrupacións de cidadáns

34. Na Guía para o desenvolvemento de Instrumentos de Fomento de Comunidades Enerxéticas do IDAE, baseada na Directiva (UE) 2018/2001, establécense que os Estados membros garantirán que as comunidades de enerxías renovables teñan uns dereitos, pero dos seguintes, cal non sería un deles?:

- a. Dereito a producir enerxías renovables
- b. Dereito a consumir enerxías renovables
- c. Dereito a almacenar enerxías renovables
- d. Dereito de preferencia automática sobre outros actores no mercado enerxético

35. De conformidade co Real Decreto 18/2014, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a que ministerio está adscrito?:

- a. Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
- b. Ministerio de Industria e Turismo
- c. Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades
- d. Ministerio de Transformación Dixital e da Función Pública

36. Os estatutos do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), segundo o Real Decreto 18/2014, de 17 de xaneiro, establecen os órganos de goberno do mesmo, cal non é un destes órganos?:

- a. O Presidente
- b. O Consello de Administración
- c. O Director Xeral
- d. O Consello Económico e Social

37. De conformidade co Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión (REBT), considéranse os

interruptores diferenciais como de alta sensibilidade cando o valor desta é igual ou inferior a:

- a. 63 mA
- b. 50mA
- c. 32 mA
- d. 30 mA

38. Segundo a ITC-BT-03 Instaladores autorizados en baixa tensión do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, as empresas instaladoras de categoría básica (IBTB) poderán realizar, manter e reparar as seguintes instalacións:

- a. Liñas aéreas ou subterráneas para distribución de enerxía
- b. Instalacións eléctricas para baixa tensión de potencia inferior a 10kW contidas no ámbito do REBT
- c. Locais con risco de incendio ou explosión
- d. Todas as respostas son correctas

39. Conforme a ITC-BT-04 Documentación e posta en servizo das instalacións do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, precisan a elaboración de proxecto para a súa execución:

- a. As instalacións correspondentes a locais de pública concorrencia
- b. As instalacións de iluminación exterior
- c. As instalacións correspondentes ás infraestruturas para recarga do vehículo eléctrico de potencia superior a 10kW
- d. As instalacións de carácter temporal de potencia superior a 10 kW

40. De conformidade coa ITC-BT-05 Verificacións e inspeccións do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión:

- a. As verificacións previas á posta en servizo das instalacións deberán ser realizadas polo técnico titulado competente que asumiu a dirección da súa execución
- b. Serán obxecto de inspección, unha vez executadas e previamente a ser documentadas ante o órgano competente da Comunidade Autónoma, as instalacións industriais que precisen proxecto, cunha potencia instalada superior a 70 kW
- c. Serán obxecto de inspeccións periódicas, cada 5 anos, todas as instalacións eléctricas en baixa tensión que precisaron inspección inicial
- d. Todas as respostas son correctas

41. Segundo a ITC-BT-14 Instalacións de ligazón, liña xeral de alimentación do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, a caída de tensión máxima permitida para liñas xerais de alimentación destinadas a contadores totalmente centralizados será de:

- a. 0,5%
- b. 1%
- c. 3%
- d. 5 %

42. Conforme a ITC-BT-19 Instalacións interiores ou receptoras, prescricións xerais, do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, ao condutor de protección identificaráselle pola cor:

- a. Azul clara
- b. Verde- amarela
- c. Marrón
- d. Negra

43. De conformidade coa ITC-BT-20 Instalacións interiores ou receptoras, sistemas de instalación, do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, en caso de proximidade de canalizacións eléctricas con outras non eléctricas, disporanse de forma que entre as superficies exteriores de ambas se manteña unha distancia mínima de:

- a. 30 cm
- b. 10 cm
- c. 5 cm
- d. 3 cm

44. Segundo a ITC-BT-25 Instalacións interiores ou receptoras, número de circuitos e características, do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión:

- a. Os circuitos de protección privados executaranse segundo o disposto na ITC-BT-17 e constarán como mínimo dun ou varios interruptores diferenciais que garantan a protección contra contactos indirectos de todos os circuitos, cunha intensidade diferencial-residual máxima de 24mA
- b. Os circuitos de protección privados executaranse segundo o disposto na ITC-BT-17 e constarán como mínimo dun interruptor xeral automático de corte omnipolar con accionamento manual, de intensidade nominal mínima de 25 A

- c. O interruptor xeral é independente do interruptor para o control de potencia (ICP), aínda que, pode ser substituído por este
- d. Todas as respostas son correctas

45. Conforme a ITC-BT-52 Instalacións con fins especiais, Infraestrutura para recarga de vehículos eléctricos do Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, a caída de tensión máxima admisible en calquera circuíto desde a súa orixe ata o punto de recarga será:

- a. < 3%
- b. \leq 3%
- c. \leq 5%
- d. < 5 %

PREGUNTAS DE RESERVA:

46. Conforme ó artigo 4.1 de la Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais os datos:

- a. Será n exactos e sempre actualizados
- b. Serán, na medida do posible, exactos e actualizados
- c. Serán exactos e, se fose necesario, actualizados
- d. Serán sempre exactos e actualizados

47. Unha vez recibida a proposta de punto de conexión e das condicións técnicas e económicas, conforme o establecido na norma, o solicitante deberá comunicar ao xestor da rede se acepta ou non a mesma, no prazo máximo de:

- a. 50 días
- b. 30 días
- c. 10 días
- d. Cando queira

48. No Artigo 6 do Real Decreto 18/2014, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), especificase a composición do Consello de Administración do IDAE, por cantos membros con dereito a voto está conformado?:

- a. Polo Presidente e Vicepresidente
- b. Polo Presidente e Vicepresidente e 2 vogais
- c. Polo Presidente e Vicepresidente e 7 vogais
- d. Polo Presidente e 5 vogais

49. De conformidade coa Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, para a posta en funcionamento de infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos de potencia superior a 3.000 kW, requirirá das seguintes autorizacións administrativas:

- a. Autorización administrativa previa, que se tramitará co anteproxecto da instalación como documento técnico
- b. Autorización administrativa de construción, que se tramitará co proxecto básico xunto cunha declaración responsable que acredite o cumprimento da normativa que lle sexa de aplicación
- c. Autorización administrativa de acometida, que permite, unha vez executado o proxecto, pór en tensión as instalacións
- d. Autorización de implantación, que permite proceder á súa explotación

50. Segundo o artigo 2.b) do Real Decreto-lei 29/2021, de 21 de decembro, nos casos de concesionarias de estradas estatais con contratos en execución nos que se inclúan instalacións de subministro de combustibles e carburantes a vehículos cuxo volume anual agregado de vendas de gasolina e gasóleo A en 2019 sexa superior ou igual a 5 millóns de litros e menor a 10 millóns de litros, deberán instalar polo menos unha infraestrutura de recarga eléctrica de potencia igual ou superior a 50 kW en corrente continua, que deberá prestar servizo nun prazo de:

- a. Dez meses a partir da entrada en vigor deste real decreto-lei
- b. Vinte meses a partir da entrada en vigor deste real decreto-lei
- c. Corenta meses a partir da entrada en vigor deste real decreto-lei
- d. Sesenta meses a partir da entrada en vigor deste real decreto-lei

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O NOMEAMENTO INTERINO SEN PRAZA POR EXECUCIÓN DO PROGRAMA TEMPORAL "OTC: OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)", ENCADRADA NO GRUPO A1-25

PLANTILLA DE RESPOSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta
1	B	21	C	41	A
2	C	22	D	42	B
3	C	23	A	43	D
4	C	24	B	44	B
5	C	25	A	45	C
6	C	26	D		RESERVA
7	C	27	B	46	C
8	C	28	B	47	B
9	B	29	C	48	C
10	B	30	B	49	A
11	C	31	D	50	B
12	B	32	A		
13	D	33	C		
14	B	34	D		
15	C	35	B		
16	B	36	D		
17	C	37	D		
18	A	38	B		
19	B	39	A		
20	C	40	C		